

LAURA CALAZA, “unha matemática falando de dialectoloxía galega”

A cuarta muller investigadora coa que contamos na XXVI Feira da Ciencia e da Cultura foi Laura Calaza. Estudou o bacharelato en Vilalba e despois marchou a Santiago onde se licenciou en Matemáticas na USC coa especialidade en Estatística e Investigación Operativa. Completou a súa formación tamén na USC cun Máster en Técnicas Estatísticas e é membro activo da Real Sociedade Matemática Española pero dende 2015, esta muller matemática tamén forma parte do Instituto da Lingua Galega e participa nos proxectos que se desenvolven dentro da Rede de Investigación de Tecnoloxías e Análise de Datos Lingüísticos (TecAnDaLi).

Agora traballa no Centro de Formación do Profesorado de Lugo, na extensión de Burela motivo polo cal é a nosa Asesora TIC e axúdanos e oríentanos cos Plans de Formación que facemos cada curso.

Impartiu para nós dúas charlas, a primeira titulada “**O debate do X**” para alumnado de 3º ESO e a segunda “**Dime como falas e direiche de onde eres**”. En principio pode sorprender unha matemática falando de dialectoloxía pero é que realmente esa fronteira que ás veces pensamos que existe entre as ciencias e as letras, non é tal. Están moito máis ligadas do que podemos imaxinar e Laura demostrouno sobradamente.

Rematou ambas sesións permitíndolle ó alumnado empregar o teléfono para facer un “Mentimeter”. Debían describir cunha palabra a XXVI Feira da Ciencia e da Cultura. Para boa parte do alumnado resultou interesante, divertida e sorprendente. Alegrámonos de que tódalas actividades foran proveitosas e agradecemoslle a Laura o tempo que nos dedicou e o agasallo de papiroflexia feito por ella. Xa o collemos como idea para o vindieiro curso.

Susi Besteiro